

José Solla

Inés-Palmira

Macroescultura

Praza Massó de Bueu • 2015

Concello de Bueu

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

José Solla

Inés-Palmira

Macroescultura

Praza Massó de Bueu • 2015



"A idea non é vivir para sempre, a idea é crear algo que si o faga"

ANDY WARHOL

A través do medio millar de gravados distribuídos en dúas pezas que compoñen a macroescultura *Inés-Palmira*, que hoxe loce na praza Massó de Bueu, José Solla consegue realizar un verdadeiro canto á liberdade, ao amor e á natureza, na que representa, empregando un humor intelixente, o modo de vida da comarca do Morrazo.

A obra de Solla é, ademais, boa mostra da capacidade do autor de transmitir de xeito innovador a realidade do Morrazo. Pero *Inés-Palmira* tamén é un exemplo da creatividade, talento e modernidade da nosa provincia, características que a converten nunha cita ineludible para as persoas amantes da arte galega.

Arte e acción teñen que ir da man porque ser artista significa implicarse coa sociedade, inspirarse no que acontece na rúa, abrir brechas sociais pero tamén tender pontes para chegar ao fondo das conciencias. E Solla soubo converterse nun verdadeiro artista que, parafraseando a Warhol, vivirá para sempre a través de *Inés-Palmira* e que se converterá nun claro referente cultural e turístico.

Desde a Deputación de Pontevedra apostamos para que a arte ocupe o lugar que se merece, impulsando novos modelos de políticas culturais co obxectivo de democratizar o acceso a ela e promover a importancia artística e histórica da provincia.

Soamente apostando pola cultura, impulsando o acceso a ela en igualdade e poñendo en valor a traxectoria de artistas como Solla, converteremos a provincia de Pontevedra nun lugar máis moderno, aberto, próximo e equitativo, con máis e mellores oportunidades para todas as pontevedresas e os pontevedreses.

CARMELA SILVA REGO
Presidenta da Deputación de Pontevedra

INAUGURADA DE OUTUBRO DE 2015
POLÁ
PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
DNA. Mª DEL CARMEN SILVA REGO
E POLO ALCALDE DO CONCELLO DE RIBEIRA
D. FELIX JUNCAL NOVAS.

O CONCELLO DE RIBEIRA RECONECE E AGRÁDECE AO
ARTISTA JOSÉ SOLLA, VECIÑO DE RIBEIRA, O DESEÑO
DESTA GRAN OBRA QUE MOSTRA O AMOR QUE SENTE
POLO NOSO FOGO; ASÍ COMO Á ESCOLA DE CANTEIROS
DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA POLA SUA REALIZACIÓN.

Escultura JOSÉ SOLLA

A arte é o home agregado á natureza, como diría Vincent Van Gogh, ou en palabras de Téophile Gautier, "todo pasa, só a verdadeira arte é eterna". Definir o concepto de arte é unha tarefa que moitos historiadores, literatos, fotógrafos, debuxantes, e pintores trataron de establecer. A arte é unha fórmula para facer do mundo algo menos insufrible por momentos, permite escapar do cotián e buscar múltiples e variados puntos de vista dunha mesma natureza. Podemos ter diante nosa un campo de herba, calquera de nós mirarao como o que é, mentres que a mirada do artista estará atenta para pintar un cadro ou crear un espazo máxico, con simbolismo, de crear arte e, en definitiva, de transmitirnos a súa visión do universo.

No pasado ano 2015 inauguramos unha escultura con máis de 500 gravados dun artista de talle internacional como é José Solla, pero tamén moi apegado e querido en Bueu. O local unido co internacional na nosa vila, pola que el sente tanto cariño e apego e que nós tamén sentimos tanto pola súa persoa coma pola súa obra.

Falar de arte nesta nosa vila é falar de persoas e artistas do talle de José Solla. A súa pintura colleita o mellor do mundo para plasmalo en obras de arte que simbolizan pequenos detalles, o discorrer da vida pola pintura, polos cadros ao óleo ou polos gravados coma os que se presentan nesta grandiosa obra que é *Inés-Palmira.*

A relación do noso pobo con este artista vén de longo, e por iso, xa en 2012 decidimos darlle o nome de José Solla ao paseo de Agrelo-Portomaior, quen tamén por esas datas nos obsequiou ao Concello de Bueu cun cadro pintado ao óleo co título de *Porta da aldea*. Hoxe, tres anos despois, volve ofrecernos estes espléndidos gravados que pasarán a ampliar o noso mobiliario urbano turístico e a contribuír ao fornecemento do noso acervo cultural. A través de *Inés-Palmira* os visitantes, e tamén os veciños e veciñas, poderán coñecer de preto unha obra que simboliza moitos momentos da vida no Morrazo, con tenrura e co achegamento dun home que viviu moito tempo na nosa vila e a carón dos nosos costumes.

Desde o Concello de Bueu apostamos pola cultura e pola arte. Somos conscientes de que temos talento suficiente na nosa vila e, por extensión, na nosa comarca e por iso nos enche de orgullo contar cunha obra desta magnitude no centro, nesta Praza Massó que tanto simboliza para nós.

Da nosa man queda agradecer ás persoas que tanto contribuíron no nivel cultural de Bueu. As novas xeracións serán herdeiras das persoas que, como José Solla, tanto e tanto teñen feito polo avance e pola cultura do noso pobo, e somos os responsables de seguir progresando naquelas cuestións que fan que Bueu medre e se converta nun referente a nivel cultural, deportivo, e social.

Sen máis, quería dar as grazas en nome de todo o Concello de Bueu ao artista José Solla pola súa doazón desta obra e por levar sempre polo mundo o nome do noso pobo. A arte non ten barreiras idiomáticas, atravesa fronteiras xeográficas e por iso todos os que vexan *Inés-Palmira* terán diante a súa propia vida, xa que trata de asuntos de todos os seres humanos.

Agradezo tamén á Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra por trasladar estes gravados á pedra da mellor forma posible. Non podemos esquecer o labor que desempeñou Begoña Estévez, a anterior deputada de cultura, coa coordinación das xestións necesarias para que esta obra se comezase o seu proceso de traslado á pedra.

Loce en Bueu unha bonita escultura do que é a vida dende a mirada dun pintor tan internacional como José Solla, e á vez tan bueués e querido na nosa terra.

FÉLIX JUNCAL NOVAS
Alcalde de Bueu

Inés Palmira é aínda que non o pareza, algo máis que unha escultura ou un obxecto decorativo. É unha pedra intervida para expresar sentimentos.
É o diálogo cordial co home e coa natureza. Coa razón e co espírito.
É tamén un xesto de liberdade, unha aventura e unha desputa entre a forma e o plano.

O CONCELLO DE BUEU RECOÑECE E AGRADECE AO
ARTISTA JOSÉ SOLLA, VECIÑO DE BUEU, O DESEÑO
DESTA GRAN OBRA QUE MOSTRA O AMOR QUE SENTE
POLO NOSO POBO; ASÍ COMO Á ESCOLA DE CANTEIROS
DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA POLA SÚA REALIZACIÓN.

Inés-Palmira

Estamos en setembro ao abrigo dun morno sol que baña plácidamente a paisaxe e a Praza Massó. As plantas dos melocotoneiros mostran dourados froitos a piques de caer e, a figueira, faime lembrar o nacemento da outra primavera. Un grupo de nenos xoga coa pelota e, máis preto da cheminea, sobre un banco de madeira, unha parella de adolescentes bícanse e acarícianse.

Coñezo este lugar dende a miña nenez, antes importante centro industrial, agora flamante e relucinte praza. Arroupado por unha taza de café percorro a míudo a praza, normalmente despoboada e tranquila. Hoxe é día de feira en Bueu. A poucos metros, na rúa, un xentío de veciños e veciñas xunto a turistas móvense dun lado a outro sen cesar. Desde a miña ubicación privilexiada, sentado sobre o piso de madeira, á sombra dunhas enormes canas que, intúo, están aquí desde sempre, unha especie de acougo e benestar me invade. A praza como por encanto, inúndase de cores cálidas e dunha gama de grises de exquisita calidade plástica. Timidamente fermosas mulleres sen maquillar, aparentemente aldeas, pasan e míranme. Escoito música clásica e recito poemas.

Neste estado de fantasía, entre a realidade e o delirio, unha enorme máquina escavadora achégase de súpeto. Cos seus dentes afiados comeza a perforar a terra tentando derrubar unha laranxeira. Non pode. Coas rodas alzadas insiste. Treme de medo ou de rabia. Unha e outra vez, tremendo, avanzando e retrocedendo lógrao.

Algo perdeuse. O ceo anúbrase, non hai máis mulleres nin poetas. É como un cadro sen marco de Giorgio de Chirico. Metafísico, despoboado e quedo.

Retrocedo e apoiome no muro que oculta, entre outras cousas, pedras usadas e chapas oxidadas. Un recordó canso pero vivo estimúlame e desafíame. A desorde e o caos suxírenme unha harmonía oculta. Gústame e tranquilízame este montón de cousas, irradian un caudal de tons e beleza na súa lenta agonía. Non me atrae o novo, pulcro e rematado. Nin o cadro das áreas de silencio desmedidas nin os planos neutros. A falta de humildade e a soberbia. Gústame a cor da voz e do silencio, a porta aberta para continuar. O novo, rematado e pulcro é frío, e soamente iso, non avanza.

Estou máis tranquila e a miña mente comeza a aclararse. Era cedo aínda para interromper o sono. Achégome á fosa e vexo a un grupo de homes traballando e cercando con cintas e obstáculos a obra. Un ancián con bastón achegaseme e pregunta, que están facendo aquí? Tal vez polo ruído reinante ninguén lle resposta e alonxáse lentamente. Inmediatamente despois, un neno que corría en patinete achégase ás cintas e di en voz alta, por que puxeron as cintas, non podo pasar! Un home respóstalle, estamos construíndo as bases para emprazar unha escultura de José Solla.

Cunha agradable temperatura hoxe amenceu anubrado. A iso do mediodía comezou a chover. Chove na Praza Massó, en A Coruña, en Castro e en todas partes. Antes que o sono me dominara visito novamente o lugar. As bases para a escultura xa están construídas, a praza está húmida e sen

xente. As bases de ferro e cemento parece que non se axustan ao proxecto. Sen embargo, todo está ben e no mesmo lugar. Será que a praza é moi grande ou que o meu cansanzo e o meu estado de ánimo fagan que vexa todo fóra de escala.

Despois de varios días escoitando *La canción de la tierra* de Gustav Mahler, regreso á praza na busca dunha resposta razoable as miñas visións. Unha angustia apoderouse de min.

Non logro entender nin coordinar as ideas. Salgo e camiño uns cen metros cara o peirao de pescadores para apoiarme nunha baranda de canos de ferro. O leve movemento dos barcos, os caprichosos reflexos que proxectan na auga e unha forza interior anímanme a voltar. A laranxeira loce orgullosa, foi transplantada a escasos metros da súa lugar de orixe e a máquina voltou a recuperar a cor amarela que tiña antes de palidecer. Confundido aínda dou a volta á mazá e tomo outro café. Unha gaivota crúzase no meu camiño, andaba soa e camiñaba con lentitude, tal vez estaba enferma, alonxada da súa familia ou era incapaz de voar. Como se fose unha pomba ofrecinlle unha galleta triturada, miroume de fronte e foise, non era o que quería.

Outras visións imposibles acudiron á miña mente nos vindeiros días, tal vez máis pictóricas pero incoherentes. Entre o esperto e o durmido, sona constantemente nos meus oídos música de Mahler e as *"Catro últimas cancións"* de Richard Strauss. Paulatinamente os días achéganse ao outono. Que a transición e a calor de San Migueliño me alonxen da melancolía e me devolvan a ansiada alegría.

Hoxe sentado de costas á realidade cotiá e á área o sol iluminou a Praza Massó durante toda a mañá e gran parte do día. Moita xente camiña dun lado para outro sen notar un lugar vacío e, o ruido dos xogos e a risa da rapazada soame a música celestial.

Moi cedo farase de noite. As luces da praza comezan a prenderse e apagarse. O tamaño e a nobreza da cheminea, o silencio e a paz, invítanme a gozar da vida noutros termos e quedareime ata que non quede máis luz do día.

Estamos en outubro, despois da vendimia, época de noces e castañas. Un xornal local informa en poucas liñas que Luis Alberto de Cuenca foi galardoado co Premio Nacional de Poesía, instituído polo Ministerio de Cultura de España.

En poucos días máis, despois dun longo proceso de traballo colectivo, a escultura quedará instalada na flamante Praza Massó, e as miñas personaxes queridas, esas criaturas que me acompañan sempre, pasarán a enriquecer a paisaxe urbana de Bueu.

JOSÉ SOLLA
Outubro 2015.

Viraxe ao fantástico

Estaba acostumado –isto dígoo en canto se refire a min– á vigorosa pintura do marplatense de adopción José Solla, de tipo costumista, coas súas barcas, os seus pescadores e a súa peculiar paisaxe. Grande foi o meu asomo ao visitar as súas últimas obras expostas na Galería Wildenstein e atoparme cun universo insólito, poboado de seres espectrais, de animais de fábula ou de soño, de composicións nas que a orixinalidade máis acentuada preside a todas e a cada unha das teas. E hai que saúdar esta renovación como corresponde: Solla vense de liberar, ou despoxar, ou despedir dos seus temas tradicionais xa na súa pintura, para sumerxirse nun mundo no cal o fantástico codéase co sobrenatural. Non abandonou a súa paleta; segue baixa, coa preferencia pola gama dos ocres, reverberando intensamente en sí mesmo, coma se un sutilisimo velo externo menguara ese fulgor interno que, indiscutiblemente, incandesce en cada cadro. Pero o que chama a atención é o deseño: estranas e misteriosas grafías invaden a composición, vólvena alucinante, convírtena en cifra ou en clave dunha tonalidade recóndita, elusiva, pero non impenetrable. As súas obras parecen as páxinas dun gran bestiario, tales como os que se acostumaba deseñar na Idade Media: curiosas alegorías, criaturas que se deslíen na continxencia da súa irrealidade, un universo palpable pero que inqueda, que non deixa de turbar, que late no profundo e que a medias descóbrese, revélase, manifestase. Gran debuxante, máis aló do aparentemente difuso do deseño, Solla parece complacerse no enigmático. Non hai escola ou corrente que poida aplicárselle, tan orixinal se mostra, unha vez máis, a súa pintura. Tal vez lle conviñesen os termos do irrealismo poético (a poesía acía e cruel, xoguetea incansable nos seus traballos), pero de toda maneira, como si se tratase de aprisionar fume entre as mans, esa obra escapa das definicións ou as explicacións de costume. Transmite unha difícil sensación de grandeza, á que se chega coma nun trance. É máxica, e sen embargo posúe suficientes datos como para o recoñecemento do máis profundo dun mesmo, transustanciado ás súas teas. Tentado estou a engadir, como digo cando debo definir o cinema, que esa pintura é a que soña por min. Desasida do material, incolume na súa fermosura, áspera na súa aprehensión, a pintura de José Solla botouse a andar polos camiños que se perden no infinito. Benvido cambio. Porque se pintor é aquel que pensa e que se expresa en imaxes, non hai dúbida sobre que as súas escapan a todo límite. Son coma un conxuro, un sortilexio de difícil explicación, pero así as sinte. Metafísicas, asimesmo, no que teñen de escapar ao cotiá, ao que é de tódolos días, e desvelando, de paso, ese costado da criatura que pertence só á penumbra, e que poucos coma el saben mostrar en semellante profundidade.

CÉSAR MAGRINI
Ámbito Financiero. Bos Aires.

Sobre José Solla- Artista Plástico

Nado no lugar de Castro en Marín, no 1927. Dende 1950 reside en Mar del Plata (Arxentina) aínda que pasa longas tempadas en Galiza na vila de Bueu onde conta cun paseo co seu nome. Estudou na Escuela Superior de Artes Visuales Martín Malharro e con Demetrio Urruchúa. Durante os anos 1976 e 1978 traballou na península ibérica grazas a unha bolsa do Centro Ibereoamericano de Cooperación para realizar estudos sobre a arte románica e gótica. En diversas ocasións formou parte do xurado de selección de premios en salóns por todo o mundo.

En 1979 intégrase como artista exclusivo da Galería de Arte Internacional Wildenstein. A súa obra está en importantes colecciónsoficiais e privadas. Foi convidado por prestixiosas institucións e organismos oficiais como o Departamento de Arte da Universidad Nacional de Tucumán; Universidad Nacional de Mar del Plata; Museo Municipal de Bellas Artes Eduardo Sívori; Museo de Arte Moderno de la Ciudad de Bos Aires; Deputación de Pontevedra; Concurso Internacional Europa Unita (Roma); Centro Iberoamericano de Cooperación (Madrid); Museo Municipal de Belas Artes de Bahía Branca; Museo Municipal de Bellas Artes Ramón Gómez Cornet (Santiago del Estero); OEA IX Asamblea de Estados Americanos (A Paz); Premio Dupuytren 79 (Bos Aires); Fundación Vanvittelli, Concurso Internacional de Pintura Italia 2000 (Caserta); Mostra Pintura Homenaje CDXXXI Centenario Ciudad de A Paz; Salón Filatélico *Año del Niño y de la Familia* (Bos Aires); Museo de Arte Moderno de la Ciudad de Bos Aires *El paisaje en la Argentina a través de sus pintores en el siglo XX,* Homenaxe IV Centenario Fundación Bos Aires; Primeiro Salón Plástico Filatélico ESPAMER 81 (Bos Aires); Centro Internacional D´Art Contemporain de París, sala das nación; Museo de Arte Moderno de Sao Paulo *Pintores Argentinos;* Societé D´Organisation et de Conseils des Arts Plastiques, Xenebra; Universidad Nacional de Salta; Centro Cultural Salas Scotti Ciudad de Salta; Primera Bienal Internacional de Arte Serigráfico (Santiago de Chile); Internacional Fair, *International Promotion of Latin Ameircan Paintings* (Frankfurt); Primera Bienal de Arte Serigráfico (Lima); Italo Argentina, Salón Nacional de Pintura (Bos Aires); U.C.I.P Salón Nacional 80 de Pintura (Mar del Plata); Edmundo Navarro Correas, Salón de Pinturas Navarro Correas 1982 (Bos Aires); *Brithish Art Fair in the city* Bishopgate Fundation (Londres); Museo do Pobo Galego (Compostela); Círculo das Artes (Lugo); Centro Cultural Caixanova (Vigo); Pazo Municipal de Exposicións Quiosquo Alfonso (A Coruña); V Centenario da Xunta de Galiza (Compostela); Museo Municipal de Arte Juan Carlos Castagnino; S.U.M Centro Médio (Mar del Plata); Centro Cultural Recoleta (Bos Aires); Museo Torres (Marín); Deputación de Ourense; Palacio de Gobierno, Casa Rosada (Bos Aires); Inter American Develapment Bank Art Gallery (Washintong); Bank of Montreal; Concello de Pontevedra; Centro Cultural Borges (Bos Aires); Kummho Art Gallery (Seul) e outros Art Gallery.

PREMIOS:

1963 Terceiro premio no Salón de Artes Plásticas. Ministerio de Acción Social da Provincia de Bos Aires; terceiro premio de Pintura Salón de Pintura y Dibujo, Semana del Pescador; Segundo premio debuxo Salón Regional de Artes Plásticas Pedro Solaner.

1964 Segundo premio debuxo Salón Academia Municipal de Bellas Artes de Necochea; Primeiro premio debuxo Salón Regional Municipalidad de Tandil; segundo premio pintura II Salón de Artes Plásticas Semana del Pescador; Segundo premio pintura Salón Academia Municipal de Bellas Artes de Necochea.

1965 Terceiro premio de pintura Certamen de Valores Plásticos Bonaerenses; mención de honra Concurso de Murales da República Arxentina; Segundo premio de pintura Salón Regional Municipalidad de Tandil; Segundo premio de pintura Salón Nacional El Hombre y el mar.

1967 Diploma de honra da Sociedade del Buen Gusto; mención Salón Nacional del Dibujo, Municipalidad de Campana; Seleccionado por concurso para representar a pintura del Mar del Plata no Museo de Luján; Segundo premio de pintura Salón Municipal de Artes Plásticas, Municipalidad de Gral. Pueyrredón; Diploma do Club de Leones de Bos Aires, primeiro salón de primavera.

1969 Primeira mención, no Primer Salón Promoción de Pintura, Organización D´Onofrio; Terceiro premio de debuxo Salón Municipal de Artes Plásticas, Municipalidad de Gral. Pueyrredón; Premio único a estranxeiros LVIII Salón Nacional de Artes Plásticas (Bos Aires).

1970 Primeiro premio, II Salón Promoción de Pintura, Organización D´Onofrio; segundo premio pintura Salón Regional de Artes Plásticas (Salvador de Bahía); un dos dez pintores convidados ao II Salón Italo de pintura; Primeiro premio de pintura Salón Municipal de Artes Plásticas, Municipalidad de Gral. Pueyrredón; Terceiro premio de pintura Salón Municipal Juárez; homenaxe e diploma do Recoñecemento ao Mérito, Amigos del Salón Nacional no Día de las Artes; seleccionado por concurso como representante de do Partido de Gral. Pueyrredón, Museo Municipal de Junín, III Exposición Valores Plásticos Bonaerenses; Premio especial Torwald Rasmussem Arte Figurativo, XIII Salón Academia Municipal de Bellas Artes de Necochea.

1971 Convidado Concurso Internacional de Pintura *Italia 2000* e obtén medalla de ouro (Casserta).

1972 Segundo premio pintura I Salón Colegio de Escribanos provincia Bos Aires; Primeiro premio adquisición Salón Nacional para Artistas do Interior; Terceiro premio pintura na III Bienal Provincial de Bellas Artes de Necochea.

1973 Gran premio de honra, medalla de ouro pintura no II Salón de Artes Plásticas Colegio de Escribanos.

1974 Premio pintura Laura Bárbara de Díaz-Coronel Cesáreo Días, LXII Salón de Artes Plásticas (Bos Aires); Académico Honoris Causa en Libera Academia di Cultura Internazionale Mario Gori; Diploma homenaxe asociación Amigos del Salón Nacional.

1976 Medalla de ouro pintura na II Bienal de Arte de Pontevedra.

1977 Gran premio de honra pintura I Salón Nacional Cerealista de Artes Plásticas (Bos Aires).

1980 Premio U.C.I.P 80 ao mellor pintor marplatense; Terceiro premio adquisición pintura Salón Nacional de Pintura Universidad Nacional de Salta.

1982 Realiza o afiche conmemorativo XI Fiesta Nacional del Mar, obra premiada por concurso en 1980; Segundo premio adquisición pintura IV Salón Nacional de Pintura Universidad Nacional de Salta; Segundo premio adquisición pintura Salón Edmundo Navarro Correas (Bos Aires); Premio pintura ministerio de Eduación y Cultura LX Salón Nacional de Santa Fé.

1983 Primeiro premio adquisición pintura V Salón Nacional Universidad Nacional de Salta.

1984 Primeiro premio pintura Salón Trienal provincia de Bos Aires.

1985 Mención de honra Salón Trienal Dibujo, provincia de Bos Aires.

1987 Primeiro premio pintura Gran Salón Nacional de Tandil.

1988 Medalla de ouro Premio adquisición pintura LXXVII Salón Nacional de Artes Plásticas; Mención de Honra pintura Salón Nacional de Artes Plásticas.

1989 Premio adquisición pintura LXVI Salón Nacional de Santa Fé.

1994 Premio Lobo de Mar 1997 de Pintura, Fundación Toledo; Premio Hipocampo-Rubro *El arte, el hombre y el universo.*

1998 Primeiro premio XXVII Salón Nacional de Arte Sacro de Tandil; distinguido *El español del año* pola súa carreira de artista plástico.

2003 Declarado *Ciudadano Ilustre de Mar del Plata.*

Os seus debuxos exclusivos feitos para agasallar ao Concello de Bueu foron plasmados na obra *Inés Palmira* grazas ao traballo do alumnado e dos docentes da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra no ano 2015.

FRONTAL MURO 1

TRASEIRA MURO 1



FRONTAL MURO 2

TRASEIRA MURO 2



COSTADOS MURO 1

COSTADOS MURO 2